

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 20/10/1978

Colección:

Data: 20/10/1978

De:

Luís Seoane;

Para:

Francisco Fernández del Riego;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa e o membrete:]

Temáticas:

Galicia 2002; Imáxenes de Galicia; Artes; Artes visuais; Exposición de Luís Seoane. Bos Aires. 1978. Galería Imágen; Figuracións; Medios de comunicación; Política; Preautonomía en Galicia; Prensa escrita;

Mencionados:

Evelina Hervella; César Antonio Molina; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Francisco Fernández del Riego do 20/10/1978

LUIS SEOANE

Buenos Aires, 20 de Outubro de 1978

Sr. D. Francisco F. Del Riego

Vigo

Querido Del Riego:

Escribinche fai meses, a mediados de Xulio, pedíndoche que me dixeras o teu parecer sobor da nota que me enviaba respondéndolle a un señor Molina, e tamén encol da posibilidade de continuar a sección que facía para La Voz de Galicia, no Faro de Vigo. Remíticheme a nota encol do xuicio de Molina sobre a miña obra e prometías escribirme unha carta mais adiante. Non chegou, e gostaríame que me

escribises. Eu estou moi lonxe de todos vos e cada vez mais de Galicia, pois aquí non chega ningunha clase de noticia referida a ela, soio os vascos e cataláns teñen ese privilexio. Aparentemente non existimos, e a xente está descorazonada, pois non saben que conqueriu Galicia en todo este tempo, dende que se anunciou a preautonomía.

Nos matinamos que iremos en febreiro, non sabemos ben, aínda, si pra sempre ou novamente por un ano. Eiquí pensan facerme unha gran exposición retrospectiva de homenaxe, que agradezo moito, con motivo de que en 1980, cumplo setenta anos. Non tiña conciencia da idade, eles, os que propoñen a gran mostra retrospectiva, fixéronme rememorar a xente da miña xeneración, os compañeiros de fai pronto meio século nas nosas primeiras loitas, das nosas esperanzas pra unha Galicia que tiña de vir, etc. Mais todo frustrouse e temos traballado mais en peores circunstancias que os de algunhas xeneracións atrás. Os que chegaron despois noso non parecen ter en conta canto afectou o noso traballo esas circunstancias. Alá eles. Son fillos, ou netos, ou familiares dos que diron lugar a elas. Mais non quero falar desto, nin escribir encol delo.

Neste intre quero pensar mais ben no libro de grabados que está a aparecer, con prólogo en galego e castelán. Faise por unha editorial arxentina, con él quero voltar, aínda que sexa soio con grabados, aos temas de leendas e históricos, nunca utilizados, que sepa eu, en Galicia. Refírome ás leendas, ou utilizado moi pouco no XIX en canto ao histórico. Trátase dun libro con setenta e dous grabados e tidoase Imágenes de Galicia.

Recibín o libro que me remitiches Galicia 2002 mais non sei si tivo eco algún. A min trocáronme algunhas verbas para poñelas en portugués ou en castelán. Continúo matinando que o vocabulario fíxose logo dun uso constante do idioma e, pola miña parte veño notando que verbas que son arcaísmos do castelán que se din na Arxentina, e que producían risa en España, voltouse ó uso delas como por exemplo ubicar, a forza, seguramente, da lectura de traducións feitas polas editoriales en Buenos Aires.

Mais non é eso o máis importante, o que a min impórtame, senón saber si tivo o efecto que esperaban os orgaizadores e do que eu fun mais ben escéptico.

Escríbeme, por favor; por ti e dous ou tres amigos mais, síntome vinculado a Galicia.

Recibide Evelina e tí unha grande aperta e moi garimosa de Maruxa e miña:

Seoane

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.